




COSTA DE SANXENXO

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 36 km (lineal, en coche)
Dificultade: baixa



- 1-Enseada do Umia
- 2-Rego Trilleiro
- 3-Rego de Barbosa
- 4-Punta da Fienteira
- 5-Punta e enseada da Arnosa
- 6-A Rasa. Os Leiros.
- 7-Pozas de Roxique
- 8-O Vao. A Ponte do Vao.
- 9-Rego dos Mouros
- 10-Praia da Lanzada. Con da Gaivota.
Illote O Colmado.
- 11-Praia e punta da Lapa. Illote Outeiriño.
- 12-Praia Area Gorda
- 13-Punta da Ermida.
Illote da Lanzada/Illariña.
- 14-Praia da Nosa Señora
- 15-Praia de Foxos
- 16-Punta de Portomouro
- 17-Praia de Fontenla/Portomouro
- 18-Punta Corveira. Con Merdeiro.
- 19-Os Fornos
- 20-Punta Corveso
- 21-Punta das Raias

- 22-Punta Faxilda. Estofallas.
- 23-Praia das Pociñas/Espedregadas
- 24-Praia Magor
- 25-Praia Pragueira
- 26-Praia de Bascuas
- 27-Con da Senra. Punta Montalbo
- 28-Praias de Montalbo/Arra
- 29-Punta do Ferro
- 30-Punta e praia das Paxariñas
- 31- Punta Corutos. Poza dos Barcos.
Punta Sefexeiras.
- 32-Punta do Elmo. O Coitelo.
- 33-Punta Cabcastro.
- 34-Praia de Canelas
- 35-Punta Seame/Corveiro/Canelas.
Illote Papatimóns.
- 36- Praia e enseada de Caneliñas
- 37-Punta Cepelo/Sapelo
- 38-PORTONOVO

- 39-Praia de Baltar
- 40-Punta Vicaño
- 41-Praia de Silgar
- 42-SANXENXO
- 43-Praia dos Barcos.
Porto deportivo.
- 44-Praias da Panadeira, Lavapanos
e Carabuxeira.
- 45-Praia e punta de Barreiros
- 46-Praia de Nanín. Punta Sartaxes.
- 47-Praia de Areas
- 48-Illote Laño. Area dos Mortos
- 49-Punta de Festiñanzo
- 50-Costado e praia de Agra
- 51-Punta do Rabo de Arao.
Punta e Costado dos Bois.
- 52-Praia e punta Pampaído
- 53-Punta e praia da Granxa.
Miradoiro da Granxa.



O concello de Sanxenxo está situado entre as rías de Arousa e Pontevedra.

Conta con 36 km de costa, moi recortada e variada, con enseadas, cantís e praias expostas e protexidas.

As actividades máis importantes son a pesca, o turismo e o cultivo da vide. O principal núcleo pesqueiro é a vila de Portonovo. É un concello cun enorme patrimonio natural e cultural.

Os principais valores naturais atópanse nas costas do interior da ría de Arousa (enseada do Umia e lagoas de Roxique) e nos cantís e praias entre a Lanzada e Portonovo. Destaca a flora e a fauna das marismas dunas e cantís e a cantidade e variedade de aves acuáticas que utilizan os diferentes hábitats para vivir de xeito permanente ou durante os pasos migratorios, en especial no inverno.

ESPAZOS PROTEXIDOS:

-LIC/ZEC "Ons-O Grove": inclúe a enseada do Umia, o istmo da Lanzada, o esteiro e as xunqueiras do Rego dos Mouros e a costa ata a praia Magor.

-ZEPA "Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta do Carreirón": interior da enseada do Umia.

-ZEPA "Espazo Mariño Rías Baixas de Galiza": área mariña e costa ata a punta Seame.

-Humidal de Importancia Internacional RAMSAR "Complexo intermareal Umia – O Grove": costa da enseada.

Enseada do Umia. Área comprendida entre o istmo da Lanzada e a desembocadura do Río Umia en Cambados. É unha zona de costa recortada e protexida con augas pouco profundas e mornas. A gran cantidade de sedimentos deixados polos ríos forma bancos de area que alternan con zonas fangosas e dan lugar a ecosistemas dunha enorme diversidade biolóxica. É criadeiro de numerosas especies mariñas (especialmente moluscos) e zona de enorme importancia para o paso e o descanso das aves mariñas, en especial as limícolas.



Costa exterior de Sanxenxo, desde a praia de Canelas e a punta de Cabicastro ata A Lanzada.



Costa de Sanxenxo na Ría de Pontevedra, desde a punta de barreiros ata A Granxa

PERCORRIDO

Plantexamos un primeiro achegamento en coche aos puntos máis sinalados e de doado acceso. Para coñecer a costa de vagar serían preciso varias xornadas facendo camiñadas e deténdose no puntos máis interesantes. O concello ten varias rutas sinalizadas.

Comezamos na costa do interior da enseada do Umia, na ría de Arousa. Desde Vilalonga dirixímonos á **punta da Fianteira** e desde alí podemos achegarnos á **Telleira** e ás **puntas Arnosa e A Rasa** e as **lagoas de Roxique** creadas pola extracción de arxilas para as industrias cerámicas da zona. Podemos volver a Vilalonga ou seguir por estradas locais estreitas ata saír na Revolta onde atopamos de novo a enseada na zona do **Vao** e no esteiro do **rego dos Mouros**.

Desde a rotonda da Lanzada e seguindo cara a Portonovo e Sanxenxo imos ata o aparcamento da **Lanzada**, fronte do Illote do **Colmado**, lugar onde comeza o litoral exterior de Sanxenxo. Desde alí accedemos á **praia e punta da Lapa**, o **illote Outeiriño** e a **praia de Area Gorda**. Podemos achegarnos co coche ata a **Punta da Ermida** onde podemos visitar os **restos arqueolóxicos**, as **praias da Nosa Señora** e de **Foxos**, e á pequena península na que están a **capela románica** e a **torre da Lanzada**.

Seguindo pola estrada desvíamonos á **punta Corveiro** para ver a zona de cantís, a pequena praia de **Fontenla** e a **enseada dos Fornos**.

De volta na estrada, máis adiante desvíamonos á **punta Faxilda**, un enclave de enorme interese paisaxístico e xeolóxico. A seguinte parada en na **praia Magor**, na que hai un bo sistema dunar e restos dunha praia fósil, e desde a que podemos acceder tamén á praia **Pragueira**. Máis adiante desvíamonos á **praia de Bascuas** (nudista), de interese polas dobras nas súas rochas, e despois seguimos ata o cruce que nos leva á **punta Montalbo** (unha parte é pista de terra), desde a que hai panorámicas dos cantís e praias da contorna e interesantes formacións rochosas. De volta na estrada pasamos polas praias de **Montalbo/Arra** e pola **punta e praia das Paxariñas**. Seguindo en dirección a Sanxenxo chegamos ao desvío as **puntas Cabicastro** e do **Elmo**, na boca da ría de Pontevedra. Continuamos ata desviarnos a **praia de Canelas** e podemos seguir polas estradas máis achegadas á costa pasando pola **punta Seame**, a **praia e enseada de Caneliñas** e a **punta Cepelo** ata chegar a **Portonovo**, onde é visita obrigada o **porto pesqueiro**, a **vila** e a **praia de Baltar**.

Camiño de **Sanxenxo** facemos unha parada para achegarnos ao **miradoiro da punta Vicaño** e logo no centro da vila para visitar a **praia de Silgar**, o **porto deportivo** e as **praias dos Barcos**, da **Panadeira**, **Lavapanos** e **Carabuxeira**.

Continuamos a viaxe pola estrada que vai a Pontevedra e facemos a seguinte parada no **miradoiro de Palacios** e logo na **praia de Areas**, desde onde podemos achegarnos ao **illote Laño**, a **Area dos Mortos** e a **Punta de Festiñanzo**, onde hai outro miradoiro sobre a ría de Pontevedra.

De novo na estrada podemos facer un desvío ata a **praia e punta de Pampaído** e visitar as **praias da Granxa**, última parada, no linde con Raxó (Poio). Para baixar á Granxa en coche é mellor facelo desde a estrada de Raxó, ou camiñando polas estreitas e pendentes rúas do lugar ata chegar ao mar (deixando o coche no miradoiro).



1-Costa de Sanxenxo na enseada do Umia



2-Rego Trilleiro, lindeiro entre Sanxenxo e Meaño



Antiga telleira do Sixto e edificio multiusos "A Telleira", nunha das fábricas de cerámica



3-Rego de Barbosa



4-Punta da Fianteira



5-6-Punta e enseada da Amosa, A Rasa e Os Leiros



Restos dunha telleira na punta da Amosa



A Rasa



Peirao na punta da Amosa



7-Pozas de Roxique e A Revolta.
Formadas ao irse naturalizando antigas
excavacións para a extracción de arxila.





9-Rego dos Mouros

8-O Vao e a desembocadura do rego dos Mouros. As marismas do Vao e a enseada do Umia son criadeiro de numerosas especies mariñas (especialmente moluscos) e zona de gran importancia para as aves mariñas, en especial as limícolas. Hai censadas máis de 200 especies diferentes de aves que residen de forma permanente ou utilizan a enseada como zona de paso ou descanso.



Limícolas no Vao. A enseada acolle regularmente (xaneiro) de 13.000 a 16.000 aves acuáticas (sen ter en conta as gaivotas). As limícolas, polo seu número e variedade, fan deste enclave un dos lugares de maior interese ornitolóxico do litoral galego.



A costa do mar aberto entre as rías de Arousa e Pontevedra -mar da Lanzada (Punta Lapa) ata Punta Cabicastro- conforma unha paisaxe onde se aprecian as forzas que a modelan, e dunha ampla e sorprendente diversidade xeolóxica que vai desde os granitos erosionados pola actividade física e química da auga; os sedimentos pregados, retorcidos e metamorfozados; ás formas e ás pegadas da oscilación do nivel do mar ao longo do tempo; todo isto complementado cunha rica flora e fauna asociadas aos cantís e ás dunas, e pechando os ollos ás incontables agresións, sobre todo urbanísticas, que pelexan por estragalo.



Granitos no Outeiriño



Pregues e fracturas en neis (Fontenla)

As rochas da costa de Sanxenxo son moi variadas. O litoral ofrece numerosos puntos de interese para observar formas de interese xeolóxico: cantís, furnas, bufadoiros, dobras, fallas, filóns, praias fósiles, zonas de contacto entre rochas de diferentes tipos, minerais pouco comúns...
As rochas son maiormente graníticas con intrusións de gneis.



10-Praia da Lanzada. Punta e Illote do Colmado, linde co concello do Grove.



11-Praia e punta da Lapa. Illote Outeiriño.



Punta Lapa: cantís de pouca altura en granitos moi alterados entre os que se aprecian algún "bolos", neis con filóns, micropregamentos e formacións de seixo curiosas.



Rochas no Outeiriño: illote de bolos graníticos unido a terra por unha frecha areosa que só cobren as grandes mareas.



Cantís na praia de Area Gorda, de pouca altura, en granitos moi alterados con "bolos", e con furnas.



12-Praia Area Gorda



13-Punta da Ermida. Unha pequena península na que se atopan unha igrexa románica, os restos dunha torre medieval, un castro que estivo habitado desde o século VI a. de C. ata a Idade Media e a necrópole dos séculos III-IV d. C.



13-Punta da Ermida. Illote da Lanzada/Illariña. Na punta da Ermida podemos ver o traballo do mar sobre as rochas, as boleiras, zonas de contacto entre as rochas intrusivas erosionadas (granitos) e as metamórficas (neis filonianos) máis recentes que se incrustan entre elas.



Punta da Ermida e zona de contacto entre granitos e neis



Unha das tradicións que perviven en Galiza é o rito de fecundidade das "nove ondas" o día da Festa da Nosa Señora da Lanzada (último domingo de agosto). As mulleres infértiles teñen que bañarse espidas á doce da noite con lúa chea e deixar que embistan nove ondas sobre o seu corpo. Remata o rito rezándolle á Virxe na capela.



Excavacións no castro da Lanzada



14-Praia da Nosa Señora



15-Praia de Foxos. Conserva dunas residuais, cantís con estratos verticais en neis, zonas de contacto con granitos e micropregamentos.



16-Punta de Portomouro



17-Praia de Fontiñas/Fontenla/Portomouro/Corveira




Furna na praia de Fontiñas
Esta praia e os cantís que a rodean son un museo de xeoloxía no que se poden apreciar distintos tipos e estruturas rochosas, as forzas tectónicas e a dos axentes erosivos, e minerais e rochas pouco comuns (conglomerados, brechas, neis) .

18-Punta Corveira.
Podemos ver pregamentos, rochas con grandes cristais de granate, estratos inclinados.



Con Merdeiro




19-Os Fornos. Coa marea baixa pódese ver a rasa de abrasión e furnas.



21-Punta das Raias

20-Punta Corveso



22-Punta Faxilda. Rasa de abrasión, derrubes nos cantís.




Punta Faxilda desde As Estofallas.
Rasa de abrasión.



23-Praia das Pociñas/Espedregadas.
Unha interesante praia con praia fósil, brechas,
vales colgados, formacións de neis con filóns de
seixo e cristais de andalucita e kiasitolita.



24-Praia Magor/Maior



25-Praia Pragueira. Nela desemboca un pequeno rego formando un salto.



26-Praia de Bascuas

Nos cantís podemos atopar rochas metamórficas nas que os estratos se dispoñen das formas máis variadas combinando pregues, fallas e filóns con vetas de diferentes minerais.



27-Punta Montalbo: unha interesante área na que podemos ver pregues, fallas, filóns, diques, arcos, furnas, un bufadoiro, pilancóns...



28-Praia de Montalbo



28-Praia de Arra



29-Punta do Ferro



30-Punta e praia das Paxariñas.
Con cantís de areíscas e neis, covas...



Poza dos Barcos.



31-Punta Corutos/Sefexeiras.



32-Punta do Elmo. O Coitelo.




33-Punta Cabcastro, límite norte da ría de Pontevedra. Desde ela hai vistas sobre a ría, O Morrazo, arquipélagos de Ons e Cies e costa ata punta Faxilda.



RÍA DE PONTEVEDRA

É a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabcastro, ao norte e o o cabo Udra, ao Sur.



34-Praia de Canelas



Praia de Canelas e punta Seame



35-Punta Seame e Illote Papatimóns.



Punta Seame



36- Praia e enseada de Caneliñas



36- Punta Cepelo/Sapelo



38-PORTONOVO, o principal porto pesqueiro de Sanxenxo.

Vista aérea de Portonovo:
praia Caneliñas, punta Cepelo, porto,
praia de Baltar e Punta Vícaño



39-Praia de Baltar



40-Punta Vicaño



41-Praia de Silgar. Areal urbano de 750 m de lonxitude.



42-SANXENXO



43-Praia dos Barcos. Porto deportivo.



44-Praia da Panadeira



Praia de Lavapanos



Praia da Carabuxeira



45-Praia e punta de Barreiros



Vista de Sanxenxo desde o miradoiro de Palacios



46-Praia de Nanín



Punta Sartaxes



Rochas na raia de Areas



Rego de Dorrón na praia de Areas




47-Praia de Areas, un areal de 600 m de lonxitude orientado ao sur e abrigada entre as puntas de Barreiros e do Festiñazo.



48-Illote Laño.



Praia Area dos Mortos



49-Punta de Festeñazo



50-Praia de Agra



Costado e praia de Agra



51-Punta do Rabo de Arao



Punta dos Bois



52-Praia e punta Pampaído



53-Punta da Granxa



Praia da Granxa



Praia da Pedra Alta, compartida con Raxó



Miradoiro da Granxa sobre A Granxa, Raxó e a ría de Pontevedra